



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Cuarto trimestre de 2020

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Cuarto trimestre de 2020

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 0,7% no cuarto trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España diminuíu un 0,1%. O custo laboral total en Galicia é de 2.550,54 euros, 201,72 euros inferior á media nacional (2.752,26 euros).
- O custo salarial aumentou en Galicia un 0,2% no cuarto trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España diminuíu un 0,7%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.899,87 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.061,32 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 3,3% en Galicia e un 5,1% en España no cuarto trimestre do ano.
- O custo laboral aumenta en once comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 35,0 horas semanais en Galicia e de 34,5 horas en España.


Custo laboral. Cuarto trimestre de 2020			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
0,7	Custo total	2.550,54	0,7
0,1	Custo salarial total	1.899,87	0,2
0,4	Outros custos	650,67	2,1
0,1	Cotizacións obrigatorias	597,07	1,5
0,0	Percepcións non salariais	66,78	5,9
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	13,19	-4,6

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acaba os 2.550,54 euros no cuarto trimestre de 2020, co que aumenta un 0,7% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral diminúe un 0,1% e supera en 201,72 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acaba os 1.899,87 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 0,2%. En España, o custo salarial baixa un 0,7%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que diminúe o 0,2% en Galicia, acadando os 1.575,54 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.691,91 euros, cunha diminución do 0,6% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 650,67 euros en Galicia, co que aumentan un 2,1%; en España crecen un 1,7%, ata os 690,94 euros.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total diminúe na construción mentres que aumenta na industria e nos servizos.

Na **Industria** o Custo total crece un 0,9% debido ao incremento dos Outros custos, 3,2%, principalmente das Percepcións non salariais, 35,6%.

INDUSTRIA. Cuarto trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
0,9	Custo total	3.215,1	0,9
0,2	Custo salarial total	2.435,0	0,2
0,1	Outros custos	780,1	3,2
0,6	Cotizacións obrigatorias	717,6	0,4
0,0	Percepcións non salariais	76,9	35,6
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	14,4	-5,0


⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O descenso do 0,7% do Custo total na **Construción** vén motivado tanto polo descenso do Custo salarial total, -1,0%, como dos Outros custos, -0,1%.

CONSTRUCCIÓN. Cuarto trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-0,7	Custo total	2.765,7	-0,7
-0,7	Custo salarial total	1.956,7	-1,0
0,5	Outros custos	809,0	-0,1
-0,7	Cotizacións obrigatorias	707,9	2,1
-0,2	Percepcións non salariais	111,0	-15,8
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	10,0	-34,2

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 0,7% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 0,2% e dos Outros custos, 2,0%.

SERVIZOS. Cuarto trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.370,3	0,7
	Custo salarial total	1.765,6	0,2
	Outros custos	604,8	2,0
	Cotizacións obrigatorias	557,7	1,8
	Percepcións non salariais	60,2	3,4
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	13,2	-1,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 270 euros á media nacional; a menor diferenza dáse na Industria, en torno a 80 euros menor en Galicia.

3. Tempo de traballo

No cuarto trimestre de 2020, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,0 horas semanais, e destas, pérdense 6,4 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,5 horas, das que se perden 6,7 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 28,7 horas semanais en Galicia e de 27,9 horas no conxunto do Estado.


O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 3,3% e en España un 5,1%.

Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2020		
	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	20,4	3,3
Custo salarial total	15,2	2,8
Outros custos	5,2	4,8
España		
Custo laboral total	22,7	5,1
Custo salarial total	17,0	4,5
Outros custos	5,7	7,0

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 0,7% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que supera en máis de 450 euros á media nacional, mentres que en Canarias e Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en once comunidades. Os maiores incrementos prodúcense en Murcia (5,3%) e Castilla y León (3,7%). Os maiores descenso rexístranse en Canarias (-9,3%) e Illes Balears (-9,0%).

Custo laboral total. 4º trimestre de 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Cuarto trimestre de 2020

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.550,54	0,7	3.215,10	0,9	2.765,71	-0,7	2.370,33	0,7
Custo salarial total	1.899,87	0,2	2.435,00	0,2	1.956,72	-1,0	1.765,56	0,2
Custo salarial ordinario	1.575,54	-0,2	1.843,59	-0,6	1.652,70	1,4	1.503,74	-0,3
Outros custos	650,67	2,1	780,10	3,2	808,99	-0,1	604,77	2,0
Cotizacións obrigatorias	597,07	1,5	717,57	0,4	707,90	2,1	557,73	1,8
Percepcións non salariais	66,78	5,9	76,89	35,6	111,03	-15,8	60,23	3,4
Subvencións e bonificacións	13,19	-4,6	14,36	-5,0	9,95	-34,2	13,20	-1,5
España								
Custo laboral total	2.752,26	-0,1	3.295,05	0,1	2.904,11	1,3	2.644,66	-0,2
Custo salarial total	2.061,32	-0,7	2.442,35	-1,0	2.117,23	1,5	1.989,56	-0,8
Custo salarial ordinario	1.691,91	-0,6	1.947,62	-0,5	1.680,86	1,8	1.647,37	-0,8
Outros custos	690,94	1,7	852,70	3,2	786,88	0,5	655,10	1,4
Cotizacións obrigatorias	634,57	1,4	769,32	1,3	719,71	1,8	604,32	1,4
Percepcións non salariais	72,76	3,2	100,93	20,0	79,16	-9,6	67,28	0,7
Subvencións e bonificacións	16,38	-2,2	17,54	1,2	11,98	1,1	16,50	-2,9

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2020

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	20,4	3,3	23,5	2,8	19,9	-0,8	19,6	3,9
Custo salarial total	15,2	2,8	17,8	2,1	14,1	-1,1	14,6	3,4
Custo salarial ordinario	12,6	2,5	13,5	1,3	11,9	1,3	12,5	2,9
Outros custos	5,2	4,8	5,7	5,0	5,8	-0,2	5,0	5,3
España								
Custo laboral total	22,7	5,1	24,5	2,9	20,7	2,4	22,5	5,8
Custo salarial total	17,0	4,5	18,1	1,7	15,1	2,7	16,9	5,3
Custo salarial ordinario	13,9	4,6	14,5	2,2	12,0	3,0	14,0	5,3
Outros custos	5,7	7,0	6,3	6,2	5,6	1,8	5,6	7,5

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Cuarto trimestre de 2020

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	28,7	6,4	31,5	6,9	32,0	6,4	27,8	6,3
Tempo completo	31,9	7,2	31,5	7,1	32,7	6,6	31,5	7,3
Tempo parcial	16,7	3,3	20,9	4,2	20,1	2,1	16,2	3,2
España								
Ambas xornadas	27,9	6,7	31,0	7,0	32,3	5,7	27,1	6,8
Tempo completo	31,3	7,6	32,1	7,4	33,4	6,0	30,9	7,7
Tempo parcial	16,3	3,9	18,8	3,3	18,6	2,7	16,1	4,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Cuarto trimestre de 2020

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.752,3	108,3	-0,1	22,7	114,6	5,1
Andalucía	2.446,0	106,7	1,1	20,4	113,4	6,8
Aragón	2.698,6	111,7	-0,6	22,6	117,7	2,7
Asturias	2.865,8	111,4	0,9	24,7	121,2	7,9
Balears, Illes	2.508,8	105,3	-9,0	21,5	120,0	2,0
Canarias	2.094,5	96,9	-9,3	19,0	115,2	7,5
Cantabria	2.741,4	112,8	2,8	22,0	118,7	4,2
Castilla y León	2.572,2	110,7	3,7	21,6	117,1	9,2
Castilla-La Mancha	2.478,6	109,6	2,5	19,5	110,3	2,3
Cataluña	2.917,8	108,4	-1,7	23,9	113,8	2,4
Comunitat Valenciana	2.453,8	108,4	0,8	19,8	111,6	3,4
Extremadura	2.259,2	107,7	-2,5	18,8	112,6	0,5
Galicia	2.550,5	113,4	0,7	20,4	117,5	3,3
Madrid	3.218,6	107,0	0,9	26,0	114,7	8,0
Murcia	2.574,2	111,1	5,3	20,6	114,7	7,6
Navarra	3.109,6	117,1	0,5	25,9	120,7	3,7
País Vasco	3.273,2	111,0	0,5	27,6	113,8	4,8
Rioja, La	2.515,6	107,5	-0,7	20,7	111,8	1,6

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Cuarto trimestre de 2020

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.061,3	108,6	-0,7	17,0	115,0	4,5
Andalucía	1.816,3	107,0	0,8	15,2	113,7	6,5
Aragón	2.024,2	112,9	-0,9	16,9	118,9	2,4
Asturias	2.139,7	110,8	-0,6	18,4	120,6	6,4
Balears, Illes	1.871,9	106,4	-9,4	16,0	121,1	1,5
Canarias	1.527,4	96,1	-10,6	13,9	114,2	6,0
Cantabria	2.057,2	113,8	2,1	16,5	119,8	3,5
Castilla y León	1.931,7	112,4	4,3	16,3	118,9	9,9
Castilla-La Mancha	1.822,5	109,1	1,7	14,4	109,8	1,5
Cataluña	2.186,9	108,4	-2,6	17,9	113,9	1,4
Comunitat Valenciana	1.823,7	108,3	0,6	14,8	111,6	3,3
Extremadura	1.687,2	108,3	-2,7	14,1	113,2	0,2
Galicia	1.899,9	114,8	0,2	15,2	118,9	2,8
Madrid	2.448,3	107,4	0,1	19,8	115,2	7,1
Murcia	1.930,0	112,0	5,4	15,5	115,5	7,7
Navarra	2.339,9	119,1	0,0	19,5	122,6	3,2
País Vasco	2.444,1	110,9	0,0	20,6	113,7	4,3
Rioja, La	1.888,2	107,8	-1,2	15,6	112,1	1,0

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Cuarto trimestre de 2020

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	690,9	107,3	1,7	5,7	113,6	7,0
Andalucía	629,7	105,8	1,8	5,3	112,4	7,4
Aragón	674,4	108,4	0,2	5,6	114,4	3,7
Asturias	726,2	113,1	5,3	6,3	123,0	12,6
Balears, Illes	636,9	102,3	-7,8	5,5	117,0	3,4
Canarias	567,0	99,3	-5,6	5,2	118,1	12,0
Cantabria	684,2	110,0	5,1	5,5	115,6	6,4
Castilla y León	640,5	105,7	1,9	5,4	112,1	7,4
Castilla-La Mancha	656,1	111,2	4,6	5,2	111,9	4,4
Cataluña	730,9	108,4	1,3	6,0	113,5	5,3
Comunitat Valenciana	630,2	108,6	1,5	5,1	111,6	3,9
Extremadura	572,0	105,9	-1,9	4,8	110,9	1,3
Galicia	650,7	109,7	2,1	5,2	113,5	4,8
Madrid	770,3	105,6	3,4	6,2	113,3	10,7
Murcia	644,2	108,7	5,0	5,2	112,2	7,3
Navarra	769,7	111,7	2,0	6,4	115,1	5,2
País Vasco	829,1	111,4	1,9	7,0	114,0	6,2
Rioja, La	627,4	106,7	0,7	5,2	110,9	3,2

Fonte: INE